

## SEMINARIO

# *“Herstory. Descubriendo unha nova historia da Arte I”*



**DOCENTE:** Carolina Casal Chico

**DATAS:** 21, 22, 23 e 25 de outubro de 2024

**HORARIO:** 10:30 a 12:30 horas

**LUGAR:** Por determinar

**Prezo da matrícula:** 23 € (alumnado IV Ciclo)

26,45 € (alumnado externo) +20,69 € (seguro de accidentes)

**UNHA VEZ REALIZADA A MATRÍCULA, NON SE EFECTUARÁN DEVOLUCIÓNS AGÁS NO CASO DE SUSPENSIÓN DO SEMINARIO.**

**Prazo de matrícula:** dende o 2 de setembro ao 14 de outubro

A matrícula realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual no seguinte enlace.

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividade.asp?IdActividad=14158>

O mínimo de estudantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15.

### INTRODUCCIÓN

Foi a fins do s. XX cando algunhas especialistas en Prehistoria comezaron a preguntarse acerca do papel feminino nas sociedades pasadas e sobre do papel feminino nas mesmas, ademais de cuestionar a suposta “neutralidade”, en realidade interpretación androcéntrica, coa que se estivera a aprender a Historia. Nela os únicos papeis que xogaban as mulleres até a chegada da Arqueoloxía Feminista,

segundo as interpretacións, eran os de reprodutoras e encargadas dos asuntos domésticos, ficando restrinxidas ao ámbito privado; tarefas que ademais eran consideradas “naturais”, polo tanto, non precisaban da análise histórica xa que xamais influíran no desenvolvemento temporal das sociedades. Aplicar a perspectiva de xénero á Arqueoloxía, á Historia e á Historia da Arte leva a estudar e comunicar un pasado máis veraz e igualitario, no que están representadas todas as identidades das sociedades pasadas. Supón, en definitiva, devolvernos a voz ás mulleres, ás rapazas e rapaces, ás crianzas, ás persoas con diversidade, sacándonos dunha invisibilidade histórica obrigada.

## **OBXECTIVOS**

- Facer visíbel as experiencias femininas nas sociedades pasadas, ademais de analizar como foron construídas nelas as relacións de xénero.
- Poñer fin ao corte androcéntrico da Arqueoloxía, da Historia e da Historia da Arte como ciencias, tanto no que respecta á práctica académica coma á educación e á divulgación.
- Aproximar a voz da creatividade feminina -e feminista-, silenciados nos libros e nas institucións museísticas ao longo da historia.
- Confrontar a problemática patriarcal das disciplinas de cara abrir novas miradas e novos camiños cara o futuro de igualdade.

## **METODOLOXÍA:**

De cara facilitar e favorecer a adquisición de coñecementos o seminario impartirase do seguinte xeito:

4h Teóricas: Exposición teórica. Aulas expositivas complementadas con información gráfica nas que se fará a explicación dos contidos teóricos da materia. Exposición a debate. Aulas interactivas ou participativas nas que os/as asistentes afrontarán actividades prácticas relacionadas cos contidos teóricos da materia

4h prácticas: Práctica de campo. A presenza feminina na colección de arqueoloxía do Museo Provincial de Lugo.



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES E CULTURA  
Programa Universitario de Maiores,  
IV Ciclo  
UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA  
Pavillón estudiantil (Campus Vida)  
15782 Santiago de Compostela  
Teléfono: 881 814 588  
Correo electrónico: [ivciclo@usc.es](mailto:ivciclo@usc.es)  
Enderezo web: <http://www.usc.es/ivciclo>